

# QUE VERDE ERA O MEU VAL!

# 986

John Ford, 1941

ESTREA EN NUMAX: 06.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 118 min

Nunha vila mineira de Gales viven os Morgan, todos eles mineiros e orgullosos de selo e tamén de respectar as tradicións e a unidade familiar. Sen embargo, a baixada de salarios provocará un enfrontamento entre o pai e os fillos; porque mentres estes están convencidos de que a unión sindical de todos os traballadores é a única solución para facer fronte ós patróns, o cabeza de familia, en cambio, non quere nin sequera oír falar de sindicatos nin de socialismo.

«Está repleto de interese humano,  
romance, conflito»

Abel Green, VARIETY



## Un idilio radiante da dignidade e o encanto da xente traballadora honesta e sinxela

Por James Agee

*Que verde era o meu val!* é a resposta de Hollywood á definición de poesía de Wordsworth: emoción recollida na tranquilidade. A súa historia (extraída da novela de Richard Llewellyn) é o recordo dun home envellecido da súa infancia nunha poboación lírica e piadosa de mineiros de carbón nun verde val galés. É case unha novela fotografada, é case un filme mudo con ocasionais secuencias de diálogo. O director John Ford escolleu o método do libro para contar a súa historia: o galés que lembra é unha voz en off que introduce e comenta as partes do filme.

O recordo da infancia do galés (Huw Morgan) interprétao na pantalla un neno inglés de trece anos chamado Roddy McDowall. O seu papel -as maravillosas experiencias cotiás que converten lentamente a un neno nun home- tiña que ser interpretado correctamente para que o filme saíse adiante. Grazas ao seu considerable talento e á sabia dirección de John Ford, así foi.

*Que verde era o meu val!* carece do vigor dramático dunha historia unificada, pero ten unha especie de tema sostido na relación de Huw coa súa familia. Os seus ollos inocentes observan como o seu pai, temeroso de Deus e autoritario, fai oídos xordos aos estrondos das disputas laborais do século XIX. Os seus irmáns, honestos e traballadores, vense obrigados pola man de obra barata a abandonar a mina e emigrar aos Estados Unidos. A súa bela irmá, Angharad, casa co fillo do dono da mina despois de que o crego da vila se negue estoicamente a que ela comparta a súa pobreza. A súa boa nai soporta a desintegración familiar con humildade e valor.

A crianza, a respiración, o envellecemento e a división que compoñen toda a crónica familiar producen moitas secuencias memorables. A agonía e a vergoña do primeiro día de Huw nun colexio nacional esaxérase ata alcanzar as proporcións que un neno lembraría. A malleira que o boxeador Dai Bando e o seu covarde colega administran ao mexericas profesor de Huw é unha obra mestra da xustiza cómica. O fanatismo piadoso que se empeña en converter en algo a inocente relación de Angharad e o seu ministro é unha sátira social punzante.

A música é tan inmediata entre os galeses "como a vista no ollo" e *Que verde era o meu val!* é elocuente coa melodía. A música subministra-se maravillosamente dentro e fóra da pantalla por 80 membros dun coro galés descuberto n'Os Ánxeles. Cando se trasladou a estes cantantes á custosa aldea galesa da península nos outeiros de California, algúns dos anciáns pensaron que se trataba dunha réplica exacta das súas vilas natais en Gales. Non dubidaron en queixarse das inexactitudes dos edificios e dos nomes nas lápidas de persoas que nunca viran na súa vila. Segundo Ford, un deles, que tiña un irmán enterrado en Gales, atopou o seu nome nunha lápida e fol alí cada mediodía a chorar.

Aínda que é dramaticamente incoherente como a vida mesma, *Que verde era o meu val!* é un idilio radiante da dignidade e o encanto da xente traballadora honesta e sinxela. Ben interpretada por un elenco competente e sen estrelas, o filme é un mérito do director, que é un irlandés grande, desaliñado e modesto, cunha mente ordenada, unha integridade de pedra e un talento para realizar filmes magníficos.